

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

*EXTRACTO da Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao financiamento do Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas, de contratación de persoas mozas desempregadas no seo dos servizos prestados pola Administración pública galega, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022 (código de procedemento TR349U).*

BDNS (Identif.): 603373.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser entidades beneficiarias da subvención os órganos da Administración da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos, así como as demais entidades que integran o sector público autonómico de Galicia segundo o artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sempre que se obriguen a contratación de persoas mozas traballadoras desempregadas, maiores de 16 e menores de 30 anos.

Segundo. *Obxecto*

Este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria pública en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2022 das subvencións do Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas (código de procedemento TR349U).

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao financiamento do Programa de pri-



meira experiencia profesional nas administracións públicas, de contratación de persoas mozas desempregadas no seo dos servizos prestados pola Administración pública galega, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022 (código de procedemento TR349U).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínanse once millóns dous centos vinte tres mil catrocentos vinte e seis euros (11.223.426 euros).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de solicitude de axudas desta orde iníciase o 3 de xaneiro de 2022 e remata o 3 de febreiro de 2022.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

María Jesús Lorenzana Somoza  
Conselleira de Emprego e Igualdade

